

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

R.P. 3479/2022.- Aprobación das bases do programa F0103A/2022.

Por resolución do Presidente da Deputación núm. 3479, do 20 de xaneiro de 2022, aprobáronse as Bases reguladoras do programa de subvencións a entidades da provincia, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades de fomento da actividade física e do deporte durante o ano 2022, co seguinte texto:

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DA PROVINCIA, SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE DURANTE O ANO 2022

Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección	Sección de Educación, Cultura e Deportes
Anualidade	2022
Denominación	Programa de subvencións a entidades da provincia, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades de fomento da actividade física e do deporte durante o ano 2022
Beneficiarios	Entidades privadas sen fins de lucro, incluídas as federacións deportivas, legalmente constituídas e con domicilio fiscal na provincia da Coruña
Programa	F0103A/2022
Aplicación orzamentaria	0612/3411/481
Importe da convocatoria	450.000 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe do orzamento de gastos	Mínimo 5.000 €, máximo 37.500 €
Importe da subvención que se ha conceder	De 1.000 € a 30.000 €
Importe solicitado	Do 20% ao 80% do orzamento de gastos subvencionables
Coefficiente de financiamento	Variable entre 0,20 e 0,80

Exposición de motivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades privadas da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

1.- BASES XERAIS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

Base 1.- Réxime xurídico xeral

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas pola Deputación da Coruña está constituído polas leis e disposicións que se citan a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, polas normas que se citen, no seu caso, na base 1 específica, así como por

cantas outras normas, legais ou regulamentarias, que conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de produciren efectos no devandito ámbito:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Lei 6/2020, do 11 de novembro, reguladora de determinados aspectos dos servizos electrónicos de confianza.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Lei galega 11/2007, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Regulamento orgánico e Bases de execución do orzamento de 2022 da Deputación da Coruña.
- Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña do 30 de xullo do 2021, BOP 150, do 10 de agosto de 2021,
- Ordenanza xeral de administración electrónica da Deputación da Coruña do 6 de novembro de 2015, BOP 56 do 23 de marzo de 2016.
- Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña do 15 de setembro de 2017, BOP núm.186 do 29 de setembro de 2017.

Base 2.- Tramitación telemática e sinatura de documentación

2.1.- Tramitación telemática

Polo que se refire ao tipo de tramitación, esta realizarase de maneira telemática (a través da plataforma Subtel).

A tramitación telemática aplicarase a todas as fases do procedemento: solicitude, concesión, xustificación, desistencia e renuncia, incluíndo en cada unha delas as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e emenda de deficiencias, así como os envíos de documentación que sexan necesarios para tramitar os expedientes.

A entidade deberá dispoñer dun único enderezo de correo electrónico de contacto durante toda a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións. Excepcionalmente, e de xeito xustificando, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando lle notifique a circunstancia pertinente á Deputación.

Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar a integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non cubran nos cuestionarios telemáticos os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

2.2.- Sinatura de documentación

A documentación deberá vir asinada como se indica:

- No caso das **certificacións**, pola secretaría co visto e prace da presidencia ou persoa na que delegue.
- No caso das **declaracións, compromisos e outra documentación**, pola presidencia ou persoa que represente a entidade.
- No caso das **certificacións de gastos e ingresos**, quen exerza as funcións financeiras ou de tesourería e a persoa que exerza a representación legal da entidade.

Para estes efectos, deberán dispoñer de certificado dixital:

- Quen ocupe a presidencia da entidade ou quen teña delegadas as súas funcións.
- Quen ocupe a secretaría da entidade.
- Quen exerza as funcións financeiras ou de tesourería.

Base 3.- Obxecto, forma, prazo e documentación da solicitude

3.1.- Obxecto da solicitude

Na solicitude deberá indicarse o obxecto da actividade/investimento/proxecto para o que se solicita subvención, de forma clara, concreta e precisa, cunha denominación diferenciada do título da convocatoria, que permita coñecer as actuacións que se van desenvolver, salvo as excepcións previstas nas bases específicas.

3.2.- Forma

As entidades interesadas en participar en cada convocatoria deberán presentar unha solicitude a través do apartado correspondente á convocatoria da plataforma telemática Subtel (na páxina web <https://sede.dacoruna.gal/Subtel/>) cubrindo os campos da solicitude e presentando toda a información que se solicita, téndose por non presentadas as rexistradas fóra da plataforma Subtel.

No caso de que a documentación fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de 10 días para a súa emenda. Pasado o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento.

Só poderá concederse unha subvención por entidade, salvo as excepcións previstas nas bases específicas.

Non se admitirá máis dunha solicitude por entidade en cada convocatoria, salvo as excepcións previstas nas bases específicas.

Considérase unha soa entidade, todas as entidades en que as persoas socias, administradoras ou directivas sexan comúns nunha porcentaxe superior ao 50% en dúas ou máis entidades, nos termos establecidos na Lei xeral de subvencións e nas súas normas de desenvolvemento, así como as que puidesen encaixar no concepto de grupo nos termos dispostos no Código de comercio.

No caso de presentación de varias solicitudes nunha mesma convocatoria, só se terá en conta a última presentada, que deixará sen efecto e anulará todas as anteriores.

Non axustarse aos termos desta convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

3.3.- Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio do extracto de cada convocatoria que se publicará no BOP, por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións.

3.4.- Documentación que se ha presentar

As entidades deberán acreditar o cumprimento dos requisitos indicados nas presentes bases referidos á data anterior á publicación da convocatoria e achegar a documentación correspondente, que se recolle no punto 3.- Anexo I-Documentación da solicitude

Base 4.- Compromisos e obrigas

Os/as beneficiarios/as da presente convocatoria deberán cumprir, os seguintes compromisos e obrigas:

- Estar legalmente constituída antes de presentar a solicitude e dispor de estatutos debidamente inscritos no rexistro público correspondente e adaptados á lexislación vixente.
- Cumprir con todos os **requisitos** indicados nestas bases e manter a mesma **forma xurídica** da entidade solicitante desde a data de publicación da convocatoria da axuda e ata a finalización do período subvencionado.
- Tratándose de asociacións constituídas ao abeiro da Lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito á asociación, deberán contar cun mínimo de **25 membros**.
- Declarar no momento de presentación da solicitude que **non presenta máis dunha solicitude** por entidade na mesma convocatoria.
- Non estar incurso en ningunha das **prohibicións** previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Atoparse ao corrente nas súas **obrigas** coa Facenda Pública, Seguridade Social e Deputación da Coruña e autorizar a deputación para obter as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente.
- Declarar a **obtención de subvencións ou axudas** procedentes doutras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.

- Comunicar de inmediato a través da Plataforma de tramitación telemática Subtel calquera **modificación** que puidese afectar a algún dos datos recollidos na solicitude inicial realizada, para a valoración do caso por parte da Unidade Xestora da axuda.

- Empregar a subvención outorgada para o **mesmo fin** para o cal foi concedida, axustándose aos termos das bases xerais e específicas de cada convocatoria e de conformidade coa lexislación vixente.

- Solicitaren, polo menos, **tres ofertas** de distintas empresas proveedoras no caso de que o gasto sexa superior a 15.000 € (IVE excluído) no caso da prestación de servizos ou subministracións ou superior a 40.000 € (IVE excluído) nos contratos de obras, nos termos do artigo 31.3. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, conforme co disposto na Lei galega 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

- Dar o seu consentimento ao **tratamento de datos** de carácter persoal e a súa publicación de acordo coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

- Utilizaren, con carácter xeral, unha **linguaxe non sexista e inclusiva**, elaborar materiais que fomenten a igualdade, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.

- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con **menores**, deberá comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos (de acordo coa Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación do Código civil e da Lei de axuízamento civil).

- Faceren constar a **colaboración da Deputación** da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixeren das actividades ou investimentos subvencionados, así como na súa páxina web.

Na parte específica do programa concretaranse os medios para o cumprimento da obriga de dar publicidade á achega provincial.

Esta obriga entenderase como mínimo desde a data de concesión e ata o pagamento da subvención.

- Non se subvencionarán solicitudes que exclúan a **lingua galega**. Os proxectos subvencionados deberán ter como lingua vehicular de desenvolvemento a lingua galega, así como tamén o será dos soportes divulgativos das actividades (web, redes sociais, cartellaría, folletos e equivalentes) e de calquera outro aspecto vinculado, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas.

- Xustificar o cumprimento dos obxectivos, requisitos, condicións e da finalidade suxeita á subvención, someténdose ás **actuacións de comprobación e control**, que poderá efectuar a Deputación da Coruña, así como outras comprobacións e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, internos ou externos, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. Como resultado dos ditos procedementos poderáselles esixir responsabilidade administrativa, consonte co disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e, no seu caso, responsabilidade penal, de conformidade co Código penal.

Así mesmo, as entidades beneficiarias das subvencións teñen a obriga de **conservaren os documentos xustificativos** da aplicación dos fondos recibidos durante un mínimo de catro anos, que se han contar dende a data da percepción ou cobramento da subvención, en tanto que poderán ser obxecto das correspondentes actividades de control.

- Autorizar a Deputación a consultar os **datos fiscais** relacionados coa súa actividade empresarial.

- Cumprir os requisitos e as obrigas sinaladas no artigo 5 e 6 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

Estes requisitos e obrigas completaranse co previsto, no seu caso, nas bases específicas da convocatoria.

A constatación do incumprimento dos requisitos necesarios ou das obrigas asumidas como consecuencia da concesión da subvención, así como a falsidade documental, poderá dar lugar á extinción do dereito á súa percepción ou á modificación da resolución de concesión, ao reintegro das cantidades percibidas e, no seu caso, á incoación do correspondente expediente sancionador conforme ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións así como cantas responsabilidades de toda orde poidan derivarse.

Base 5.- Procedemento de concesión e aprobación.

O procedemento de concesión da subvención recollida nesta base tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co disposto no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Para os efectos desta lei, terá a consideración de concorrencia competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións se realiza mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración fixados nestas bases reguladoras e na súa posterior convocatoria, e adxudicar, co

límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obteñan maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Logo de que o servizo correspondente, co carácter de órgano instrutor do procedemento de concesión, determinara as solicitudes recibidas e, se é o caso emendadas, que reúnen todos os requisitos regulados nestas bases, someteraas a un **comité técnico de valoración**, no caso de estar previsto na parte específica da convocatoria, designado polo órgano competente e composto por un mínimo de tres persoas expertas ou de recoñecido prestixio profesional sobre a materia, que deberá facer unha valoración e asignación de puntos a cada solicitude, aplicando os criterios establecidos en cada convocatoria específica segundo o previsto no apartado anterior. As funcións de secretaría dos comités técnicos serán realizadas por persoal funcionario do servizo correspondente, con voz, pero sen voto.

En función dos puntos asignados, e dentro do límite máximo do crédito dispoñible, a xefatura do servizo instrutor realizará proposta motivada, na que expresará a relación de solicitantes para os que se propón a concesión de subvención e a súa contía, así coma as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite.

No caso de producirse empate na puntuación mínima para obter a subvención, atenderase á data e hora de presentación das solicitudes empatadas, primando aquelas que se presentaran con anterioridade e atendendo ao crédito dispoñible.

Exceptúase a obriga de facer a valoración e asignación de puntos de cada solicitude cando o crédito consignado sexa suficiente para atender a todas as solicitudes que reúnan os requisitos polo importe solicitado.

A concesión realizarase segundo o regulado na parte específica da convocatoria, que poderá optar por unha das seguintes opcións en canto ao procedemento que se vai seguir:

- **Concesión provisional/definitiva**

Logo da preceptiva fiscalización do órgano interventor, sobre a proposta realizada polo servizo instrutor, a Presidencia ditará resolución de concesión provisional, que deberá notificárselles ás persoas interesadas concedéndolles un prazo de dez días hábiles para presentaren, se é o caso, a desistencia da solicitude, reformulación, cambio de obxecto, ou as alegacións que estimen oportunas. No caso de non formular desistencia expresa, a subvención entenderase aceptada tacitamente.

As alegacións que, de ser o caso, presenten as persoas interesadas, deberán ser estudadas polo órgano instrutor e, unha vez emitido o correspondente informe-proposta, remitiranse ao órgano interventor para a súa fiscalización. Con base nese informe-proposta, a Presidencia ditará a resolución definitiva de concesión. No caso de que non se presentaran alegacións no prazo establecido para o efecto, a resolución ata entón provisional terá o carácter de definitiva.

- **Concesión definitiva**

No caso de que a Unidade Xestora, detecte calquera deficiencia referida á solicitude ou documentación achegada, realizará requirimento ao solicitante, para que a emende a través da plataforma Subtel, dispoñendo dun prazo de 10 días naturais para aceptar a notificación e 10 días hábiles desde a aceptación para a corrección das deficiencias requiridas. No caso de que o/a solicitante non emende neste prazo, terásele por desistido da súa solicitude.

A Presidencia da Deputación ditará resolución de concesión definitiva, que deberá notificárselles aos/ás interesados/as mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia.

As resolucións de concesión deberán conter a relación dos/as solicitantes aos/ás que se lles concede a subvención e a desestimación expresa das restantes solicitudes.

Reformulación de solicitudes:

Cando o importe da subvención concedida sexa inferior ao importe solicitado, entenderase automaticamente reformulada a solicitude de subvención.

Cambios de obxecto:

Non se admitirán cambios de obxecto, salvo as excepcións previstas nas bases específicas.

O simple cambio dalgún dos conceptos de gasto subvencionados non se considerará cambio de obxecto, tampouco o cambio de lugar onde se faga a actividade, pero haberá que comunicarlle telematicamente á Deputación a circunstancia antes de que se produza.

Base 6.- Prazo de resolución e notificación

O prazo máximo para resolver será de 9 meses contados desde o día de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, de acordo co artigo 23.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A resolución conterà a relación de solicitudes ás que se lles concede a subvención e a desestimación expresa das restantes solicitudes. Notificaráselles aos interesados segundo o disposto no artigo 40 da Lei 39/2015 e publicarase no

BOP segundo o regulado no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015 por ser un acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva.

Base 7.- Desistencia da solicitude ou renuncia á subvención

7.1. Antes da concesión - desistencia da solicitude

Unha vez presentada a solicitude e antes da concesión, as entidades solicitantes, poderán desistir da súa petición. A desistencia realizarase por escrito mediante a presentación do modelo correspondente que estará dispoñible na plataforma Subtel.

7.2. Despois da concesión - renuncia á subvención

Unha vez publicada a resolución definitiva de concesión da subvención polo órgano competente, as entidades beneficiarias poderán renunciar á subvención por circunstancias excepcionais debidamente xustificadas axustándose ao modelo que estará dispoñible na plataforma Subtel.

Base 8.- Publicidade das subvencións concedidas

A Deputación Provincial da Coruña publicará as subvencións concedidas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

A Deputación entenderá cumprida a obriga de dispor dun Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, ao que se refire a disposición adicional sexta da Lei de subvencións de Galicia, mediante a publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións da información disposta no artigo 20 da Lei 38/2003.

Base 9.- Xustificación e pago

9.1. Prazo de xustificación

Segundo o indicado nas bases específicas.

9.2. Documentación

A indicada no punto 3.- Anexo II- Documentación da xustificación.

9.3. Tramitación da xustificación

Unha vez recibida a documentación, a unidade xestora comprobará a correcta xustificación desta.

No caso de ser **correcta**, será emitido un informe-proposta de aprobación da xustificación presentada.

No caso de que a documentación fose **incorrecta ou insuficiente**, darase un prazo de 10 días para a súa emenda. Pasado o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento, ditándose a resolución de perda do dereito ao cobro, que lle será notificada á entidade beneficiaria.

A Deputación da Coruña poderá requirirlle á entidade beneficiaria a documentación que estime pertinente para os efectos de comprobar o cumprimento da finalidade da subvención.

Neste proceso de control, a Deputación poderá efectuar comprobacións materiais encamiñadas á verificación da realización efectiva das actividades ou investimentos subvencionados, mediante a visita de funcionarios provinciais ás entidades, de acordo co disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Completada a documentación e emitido o informe-proposta favorable ao pagamento, o expediente será remitido ao órgano interventor, para o efecto de que se emita o preceptivo informe de fiscalización previo á aprobación da xustificación e pagamento.

Producirase o reintegro ou a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de:

- 1 Falta de xustificación ou xustificación insuficiente.
- 2 Falta de achega da documentación requirida.
- 3 Demais causas dispostas no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

9.4. Consideracións xerais

- As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos, que deberán axustarse aos conceptos aprobados na concesión definitiva e que figurarán en cada expediente de solicitude.

- O coeficiente de financiamento defínese como o cociente entre o importe da subvención solicitada e o importe do orzamento de gastos presentado.

- O orzamento subvencionado para xustificar será o resultado de dividir o importe da subvención concedida polo coeficiente de financiamento.

- En todo caso o importe da subvención que se vai aboar non pode ser de tal contía que, en concorrencia con outras subvencións ou axudas de administracións públicas ou de entidades privadas máis os ingresos derivados da actividade ou investimento superen o custo da actividade ou investimento.

- Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención, terase en conta o seguinte:

- o No caso de que se xustifique gasto por un importe **igual ou superior ao orzamento** subvencionado para xustificar, aboarase a totalidade da subvención.

- o No caso de que se xustifique gasto **inferior ao 100% e igual ou superior ao 50% do orzamento** subvencionado para xustificar, aboarase a parte proporcional da subvención.

- o No caso de que se xustifique gasto **inferior ao 50% do orzamento** subvencionado para xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

- A entidade beneficiaria deberá pagarlles ós provedores de bens e servizos así como ás persoas traballadoras, mediante transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a entidade ordenante (perceptora da subvención), a persoa/entidade beneficiaria (provedora do ben, servizo ou persoas traballadoras), o concepto, o importe e a data de pago.

Non obstante, para os gastos que non excedan de 150 € admitiranse os pagamentos en metálico.

O pago dos seus gastos xustificativos deberá realizarse antes de que transcorra un mes contado a partir da percepción da subvención. No caso contrario, o dito gasto considerarase como non válido para efectos de xustificación da subvención

Gastos subvencionables

- Só se considerarán gastos subvencionables os que resulten imputables contablemente a algún dos conceptos fixados no orzamento que se tomou en consideración no acto de concesión da subvención sempre que resultaran estritamente necesarios para executar o proxecto ou actividade subvencionada e se teñan devindicado no prazo previsto na convocatoria.

- As bases específicas desta convocatoria detallan as contas e a descrición dos gastos que se consideran subvencionables nela.

O importe de IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade.

- A empresa que facture os bens ou servizos debe estar dada de alta na actividade económica correspondente aos bens ou servizos que prové, e recollida no Certificado de situación censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria con anterioridade á data de emisión da factura.

- O importe do gasto subvencionable non poderá superar o valor razoable segundo as normas contábeis nin o prezo de mercado.

- Non se poderán utilizar intermediarios que se limiten a xestionar a compra ou o servizo aumentando así o prezo final facturado.

9.5. Pago

O pago farase efectivo unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos indicados nas bases reguladoras e realizase, con carácter xeral, nun pago único, salvo as excepcións que poidan regular as bases específicas.

Logo do preceptivo informe de fiscalización do órgano interventor, dítase a resolución de aprobación da conta xustificativa ou, se é o caso, de anulación e perda do dereito ao cobro.

Emitida a resolución de pagamento, a tesourería preparará a orde de transferencia correspondente a prol da conta bancaria designada pola entidade beneficiaria no modelo establecido con carácter xeral para todos os pagamentos pola Deputación.

No caso de non atoparse ao corrente nas súas obrigas coa Facenda Pública, Seguridade Social e Deputación da Coruña, e de que teña xustificado o cumprimento das condicións da subvención, advertiráselle á entidade beneficiaria de que non se procederá ao pagamento e concederáselle un prazo de tres meses para xustificar que ten regularizada a súa situación; De non achegar xustificación no indicado prazo declararase a perda do dereito á subvención outorgada.

O pagamento terá que realizarse no prazo máximo de catro meses desde que a entidade beneficiaria presentara completamente a documentación xustificativa.

Base 10.- Subcontratación

De acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, enténdese que un beneficiario subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade subvencionada. Queda

fóra deste concepto a contratación dos gastos en que teña que incorrer o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.

Para determinar a existencia de subcontratación atenderase ao obxecto social da entidade solicitante.

Admitirase a subcontratación para as prestacións de bens e servizos que non poida prover por si mesma a entidade solicitante, ao estaren fóra do seu obxecto social. Non se poderán contratar estas prestacións con terceiros intermediarios que se limiten a xestionar a compra ou o servizo sen engadir valor adicional, aumentando así o prezo final facturado.

Así mesmo, admitirase a subcontratación co límite máximo do 40 por cento da actividade subvencionada importe do orzamento subvencionable, sumando os importes de todos os subcontratos.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 13 da Lei xeral de subvencións.
- Persoas ou entidades que perciban outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- Intermediarios ou asesores nos que os pagos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, a menos que este pago estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou os servizos prestados.
- Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, salvo que concorran as circunstancias previstas na base 11.
- Persoas ou entidades solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, que non obteñan subvención por non reunir os requisitos ou non acadar a valoración suficiente.

Base 11.- Operacións vinculadas

No caso de que o solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade obxecto da subvención con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade, segundo o disposto no artigo 29.7.d) da Lei xeral de subvencións, no momento da solicitude deberá presentar solicitude de autorización.

Considérase que existe vinculación coas persoas físicas e xurídicas nas que concorran algunha das circunstancias dispostas no artigo 68.2 do RD 887/2006 polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións.

Para contratar a persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, deben cumprirse os seguintes requisitos:

1. Que se obteña a autorización expresa previa da Deputación.
2. Que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.
3. Que a contratación de actividades e servizos con persoas vinculadas non supere o límite máximo do 40 por cento do importe da actividade subvencionada, sumando os importes de todos os contratos con persoas vinculadas.

Base 12.- Incumprimentos e sancións.

O incumprimento dos prazos na **presentación das solicitudes** de axuda ou da emenda da documentación correspondente se procedese, suporá a exclusión do proceso de valoración para o outorgamento da subvención.

Se unha vez transcorrido o prazo de **xustificación** sinalado na parte específica destas bases sen que a entidade presentase a documentación xustificativa, a unidade xestora requirirá para que a presente no prazo improrrogable de 15 días desde a notificación, advertíndoa de que, noutro caso, perderá o dereito ao cobro, sen prexuízo das responsabilidades dispostas na Lei xeral de subvencións.

A presentación da documentación neste prazo excepcional non eximirá a entidade beneficiaria da sanción que lle corresponda segundo a gradación das sancións pecuniarias pola comisión de infraccións leves recollidas na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña vixente.

No caso de imposición de sancións e aceptada esta pola beneficiaria, aplicarase a compensación do importe da sanción mediante desconto no mandamento de pago.

O procedemento sancionador está regulado no capítulo VI da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña.

Base 13.- Protección de datos persoais

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, pola Deputación da Coruña coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para facilitar o exercicio dos dereitos, a Deputación pon ao seu dispor un modelo de solicitude (<https://www.dacoruna.gal/documentacion/impresos-oficiais>).

2.- BASES ESPECÍFICAS

Base 1. Obxectivos e réxime xurídico específico.

1.1.- Obxectivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á promoción da actividade deportiva na provincia. Con esta convocatoria de subvencións, a Deputación pretende apoiar a entidades sen ánimo de lucro, federacións, ANPA, etc. na promoción e desenvolvemento das distintas modalidades deportivas e, en especial, fomentar o deporte de base e as actividades encamiñadas ao benestar das persoas. A promoción da igualdade e o deporte inclusivo son tamén esenciais nas políticas de promoción do Deporte impulsadas pola Deputación da Coruña.

1.2- Réxime xurídico específico:

- Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.
- Lei 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Base 2. Obxecto

Este programa vai dirixido a entidades da provincia, sen ánimo de lucro, incluídas as federacións deportivas, que realicen actividades de fomento da actividade física e do deporte dentro da provincia. Os clubs deportivos poden solicitar subvención neste programa, pero quedan excluídos os gastos derivados da súa participación en competicións oficiais federadas, para os que poden solicitar subvención nos programas específicos F0103B/2022 e F0103C/2022, que son incompatibles con este programa.

O obxecto específico deste programa concrétase en tres modalidades ou liñas, de xeito simultáneo ou alternativo:

- A realización de actividades conducentes á mellora da condición física, a ocupación activa do tempo de lecer, o deporte de carácter afeccionado ou popular e a participación en competicións deportivas que non sexan federadas.
- A promoción social da práctica e dos valores deportivos que se realice mediante a organización de actividades de formación, difusión e divulgación do deporte e dos valores deportivos. Poderán consistir en charlas, talleres, cursos, organización de simposios e xornadas de debate.
- A organización de competicións deportivas federadas ou non federadas.

A realización do programa de actividades para a que se concede a subvención será de exclusiva responsabilidade da entidade, así como as obrigas fiscais e de Seguridade Social que delas se deriven.

Ámbito temporal:

As actividades obxecto deste programa deben realizarse no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022

Base 3. Gastos subvencionables

3.1-Subvencionaranse unicamente os seguintes conceptos:

CONTA	DESCRICIÓN DA CONTA, SEGUNDO O PXCENL
600	Compras de bens destinados á actividade (material deportivo non inventariable)
602	Compras doutros aprovisionamentos. Material COVID (máscaras, xel hidroalcohólico, termómetros).
607	Traballos realizados por outras empresas para o desenvolvemento da actividade
621	Arrendamentos e canons (arrendamentos de maquinaria, vehículos, locais ou instalacións)
624	Transportes (utilización de medios de transporte a cargo da entidade realizados por terceiros para o desenvolvemento da actividade. Non se admite transporte particular)
625	Primas seguros (seguros deportivos e outros relacionados coa actividade deportiva)
627	Publicidade e propaganda
640	Soldos e salarios (persoal deportivo)
642	Seguridade Social a cargo da entidade (persoal deportivo)
652	Dereitos da arbitrase
656	Gastos de participación en competición deportiva non federada (inscricións)

Consideracións con respecto aos gastos subvencionables:

• Os gastos subvencionables para o desenvolvemento das actividades obxecto da subvención serán unicamente os gastos de carácter corrente e gastos de adquisición de materiais funxibles xerados pola realización das actividades deportivas; en ningún caso bens inventariables.

• Respecto dos gastos de transporte terán que estar directamente vinculados coa realización das actividades subvencionadas. Deberá acreditarse esta vinculación na memoria da actividade, no trámite da xustificación.

• No caso dos **soldos e salarios e seguridade social**, unicamente se terán en conta os do persoal contratado para as actividades subvencionadas.

Indicarase para cada traballador/a e mes o importe bruto da nómina (na conta 640) xustificando mediante as nóminas correspondentes e o seu xustificante de pago. O importe da Seguridade Social con cargo á entidade (na conta 642) xustificado mediante o informe de “Cálculos globais do/a traballador/a”.

• Na **conta 607** “Traballos realizados por outras empresas” inclúense os traballos do proxecto encargados a outras empresas

3.2- Actividades ou gastos excluídos:

- Os gastos de carácter xeral da entidade (persoal e gastos correntes).
- Os gastos de participación en competicións oficiais federadas
- Os gastos de adquisición de bens inventariables.
- Os gastos de adquisición de bens destinados á venda.
- Os gastos derivados doutras actividades realizadas polo club.
- Os gastos derivados de viaxes de ocio.
- Os gastos financeiros.
- Os gastos derivados das atencións protocolarias (atencións persoais, comidas protocolarias, gastos en galas ou celebracións).
- Os gastos suntuarios.

Base 4. Compatibilidades e exclusións

As subvencións deste programa:

- Son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- Son incompatibles coa presentación de solicitudes aos programas F0104/2002, F0104V-P/2022, F0104V-R/2022, F0103B/2022, F0103C/2022, da Deputación Provincial da Coruña.

Exclusións específicas do programa F0103A/2022

Non serán subvencionables neste programa:

- As actividades culturais, de promoción económica, de servizos sociais e de turismo.
- A participación en competicións oficiais federadas, que poidan ser obxecto de subvención a través dos programas F0103B/2022 e F0103C/2022.
- Os grandes eventos deportivos singulares, que poidan ser obxecto de subvención a través do programa F0103D/2022.

Base 5. Entidades solicitantes

Poderán participar nesta convocatoria as entidades privadas sen fins de lucro, incluídas as federacións deportivas, legalmente constituídas e con domicilio fiscal na provincia da Coruña que cumpran os requisitos desta convocatoria e os requisitos establecidos na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias no momento de presentaren a solicitude.

Deberán ter entre os seus obxectivos o fomento de actividades físicas deportivas, a ocupación activa do tempo de lecer, o fomento do deporte ou actividades de formación en materia deportiva, e realizar a/as actividade/s, obxecto da subvención solicitada, no ámbito territorial desta provincia.

As **federacións deportivas** poderán participar nesta convocatoria aínda que non teñan domicilio fiscal na provincia da Coruña, sempre que acrediten que as actividades obxecto da subvención se realizarán no ámbito territorial desta provincia.

Entidades excluídas:

• As persoas ou as entidades que foran sancionadas ou condenadas por resolución administrativa ou sentenza firme pola comisión de condutas discriminatorias nos termos dispostos na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

• As persoas ou as entidades que utilicen na súa actividade linguaxe sexista ou empreguen a imaxe da muller como reclamo ou connotacións de tipo sexual ou denigrante segundo o disposto no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro.

Base 6. Compromisos e obrigas específicas

6.1.- Compromisos coa Deputación.

A entidade comprométese a:

• Colaborar e prestar a súa imaxe a aqueles programas ou actividades que o precisen, cando sexa requirido pola Deputación da Coruña.

• Faceren constar a colaboración da Deputación da Coruña, de acordo co disposto a continuación:

- Calquera comunicación ou publicación das accións desenvolvidas así como a información ou material de promoción deportiva da entidade (para o obxecto subvencionado) terá que incluír o logotipo da Deputación. Será obrigatorio incluír o dito logotipo en:

- a páxina web, as redes sociais e os medios audiovisuais
- en todos os medios impresos de carácter deportivo da entidade relacionados coa actividade subvencionada.
- os dorsais
- os podios

- Se a actividade é retransmitida en *streaming* será preciso indicar no pé de pantalla “actividade subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña”.

- O logotipo terá que ir nun lugar visible e o seu tamaño deberá coincidir co logotipo de maior tamaño dos outros colaboradores (agás no caso das camisetas que teñen o seu tamaño establecido) e deberá ter as seguintes características:

- cor PANTONE 2757C C:100 M:81 Y:00 K:51
- tipografía Aller Regular Bold, Light.

- No caso de que a cor de fondo sexa escura (roupa, lonas, etc), a cor do logotipo será branca. Non servirá ningún outro logotipo ou escudo ou anagrama que non sexa o descrito anteriormente. Pódese descargar da páxina web en

<https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/logotipos>).

Para as subvencións superiores a 2.000 €

Ademais dos requisitos e das obrigas indicadas, anteriormente terán as seguintes:

• Incluír o logotipo da Deputación Provincial da Coruña nas camisetas e outra vestimenta deportiva cun mínimo de 150mm x 63mm na parte dianteira preferiblemente. Para a súa acreditación achegarase fotografía feita durante a realización da actividade subvencionada.

• Colocar 1 lona de 3 x 1m e 1 fly banner, onde figure exclusivamente o anagrama da Deputación da Coruña facendo constar ao seu carón o texto: “Actividade subvencionada pola Deputación da Coruña”, durante a realización da competición deportiva/actividade, e nun lugar preferente (no caso de ser retransmitido dalgún xeito, terán que estar a tiro de cámara).

• No caso de que a entidade beneficiaria organice copas ou ligas terá a obriga de invitar a Deputación da Coruña aos eventos que se realicen para presentacións e entregas de premios.

A comprobación do incumprimento dos puntos anteriores no desenvolvemento das actividades subvencionadas suporá a perda automática da subvención e a obriga do seu reembolso.

Base 7. Valoración das solicitudes e concesión

A concesión das subvencións realizarase mediante réxime de concorrencia competitiva e será aprobada por resolución da presidencia, polo procedemento de **concesión provisional/definitiva** regulado nas bases xerais destas axudas.

A cantidade que se concederá será a suma agregada dos diferentes criterios e as súas respectivas ponderacións, tendo en conta os límites máximos e mínimos cuantitativos e porcentuais establecidos, así como o redondeo ao céntimo das cantidades resultantes.

Esta cantidade en ningún caso poderá superar os 30.000 €.

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración dos proxectos, de acordo cos baremos establecidos na convocatoria.

Para a revisión das solicitudes, o baremo e puntuación destas crearase unha **comisión técnica**, que estará composta por tres persoas expertas e de recoñecida traxectoria no ámbito deportivo obxecto desta convocatoria, que non teñan relación con ningún dos solicitantes nin relación directa cos proxectos que se poidan presentar.

Esta comisión poderá propoñer a exclusión de solicitudes por inadecuación argumentada destas ou falta de calidade mínima dos proxectos para os que se solicita a axuda.

As memorias coa información das solicitudes deberán contemplar toda a información a que se fai referencia na base específica 7 desta convocatoria, para posibilitar a adecuada valoración das solicitudes. Non se terán en conta para a puntuación -nin se fará requirimento deles- aqueles aspectos da memoria non acreditados ou non informados debidamente polo solicitante.

VALORACIÓN DIRECTA DE DATOS: ata 70 puntos

Valoraranse os seguintes aspectos:

No caso de federacións:

- o coeficiente de financiamento derivado da solicitude: ata 20 puntos.
- o ámbito territorial das actividades: ata 15 puntos.
 - o ámbito local : 5 puntos
 - o ámbito comarcal: 10 puntos
 - o ámbito provincial: 15 puntos
- os requisitos de participación (gratuíta ou a cota de inscrición, libre ou reservada aos socios da entidade organizadora): ata 10 puntos.
 - o número de mulleres federadas da provincia: ata 5 puntos.
 - o número de persoas menores de idade federadas da provincia: ata 5 puntos.
 - os anos de antigüidade da entidade: ata 10 puntos.
 - a utilización da lingua galega na súa realización: ata 5 puntos.

No caso de entidades:

- o coeficiente de financiamento derivado da solicitude: ata 20 puntos.
- o ámbito territorial das actividades: ata 15 puntos.
 - o ámbito local : 5 puntos
 - o ámbito comarcal: 10 puntos
 - o ámbito provincial: 15 puntos
- os requisitos de participación (gratuíta ou a cota de inscrición, libre ou reservada aos socios da entidade organizadora): ata 10 puntos.
 - o número de mulleres asociadas: ata 5 puntos
 - o número de persoas menores de idade asociadas no caso de entidades: ata 5 puntos.
 - os anos de antigüidade da entidade: ata 10 puntos.
 - A utilización da lingua galega na súa realización: ata 5 puntos.

VALORACIÓN DA COMISIÓN TÉCNICA: ata 30 puntos

Valoraranse no informe técnico correspondente, os seguintes aspectos.

No caso de entidades/federacións:

- o interese da proposta presentada: ata 30 puntos.
- a calidade da memoria e a solvencia técnica da proposta.
- a colaboración con outras entidades sen ánimo de lucro da provincia.
- a participación e integración da entidade nas actividades deportivas ofertadas/ realizadas polo concello ao que pertence.

A Comisión de Valoración Técnica terá acceso, á memoria de actividades, e á demais documentación necesaria para a súa valoración.

Base 8. Prazo de xustificación

A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións no BOP. O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día **31 de marzo de 2023**, ás 14:00 horas.

Disposición adicional primeira

A presentación dunha solicitude de subvención supón a aceptación das correspondentes bases reguladoras.

Disposición adicional segunda

En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito a favor das entidades solicitantes mentres non se dean as condicións orzamentarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

3.- ANEXOS DOCUMENTACIÓN

ANEXO I- Documentación da solicitude.

Documentación xeral

- Declaración de estar legalmente constituída antes de presentar a solicitude, de dispor de estatutos debidamente inscritos no rexistro público correspondente e adaptados á lexislación vixente.

- Certificación do acordo de solicitude e do nomeamento da persoa representante para a relación coa Deputación

- Acreditación da delegación da Presidencia ou da persoa en quen delegue na que se especifique o alcance da delegación.

- Solicitude da autorización, se procede, en caso de que a persoa solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade ou proxecto subvencionado con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade, (segundo o disposto no artigo 29.7, d, da Lei xeral de subvencións e artigo 68 do Regulamento desta lei aprobado por RD 887/20016, do 21 de xullo)

- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores de idade, a certificación de que comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e a indemnidade sexual, que inclúe a agresión e o abuso sexual, o acoso sexual, o exhibicionismo e a provocación sexual, a prostitución e a explotación sexual e a corrupción de menores, así como a trata de seres humanos. Igualmente, para o persoal que se incorpore con posterioridade ás actividades subvencionadas, o compromiso de facer a comprobación a que se refire este apartado.

No caso de que a realización das actividades **non** implique o contacto habitual con menores de idade, deberán achegar unha certificación da entidade neste senso.

- No caso de asociacións, a certificación do número de socios/as da entidade.

- Autorización á Deputación para obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesorearía da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos das subvencións.

- Declaración de que non presenta máis dunha solicitude por entidade na mesma convocatoria.

- Declaración de non estar incurso en ningunha das **prohibicións** dispostas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Declaración do emprego da lingua galega na presentación, desenvolvemento e difusión social do proxecto.

Documentación específica:

- Unha memoria explicativa da actividade prevista para o ano 2022, que conterá como mínimo, os seguintes aspectos:

- a estrutura social da entidade, os órganos de goberno, o número de socios

- o obxecto da subvención

- a descrición do proxecto que se vai subvencionar (as actividades deportivas que comprende o proxecto, o número de mulleres participantes, o número de persoas menores de idade participantes, a temporalidade, o ámbito territorial, a organización e as instalacións onde se desenvolverá)

- a calidade e solvencia técnica

- a colaboración con outras entidades sen ánimo de lucro da provincia

- a participación da entidade nas actividades deportivas do concello ao que pertence

- a promoción da práctica do deporte, organización de charlas, cursos, obradoiros
- outros datos de interese para a valoración do proxecto
- O orzamento estimado dos gastos derivados da actividade.
- O importe da subvención solicitada, que non poderá superar o 80% do orzamento de gastos.
- A declaración relativa ao ámbito territorial das actividades que contempla o proxecto (o ámbito local, o comarcal, ou o ámbito provincial.)
- A declaración de requisitos de participación nas actividades (participación gratuíta ou con pago de inscrición, reservada aos socios da entidade organizadora ou libre).
- A declaración do número de mulleres asociadas/federadas da entidade.
- A declaración do número de persoas menores de idade asociadas/federadas da entidade
- A declaración do ano de creación da entidade.
- A declaración do número total de persoas asociadas no caso de entidades ou número total de persoas federadas da provincia no caso das federacións.
- A declaración doutras subvencións ou ingresos públicos ou privados solicitados e/ou obtidos para o mesmo obxecto.
- A declaración da utilización da lingua galega na realización do proxecto.

No caso de discrepancia entre os datos declarados pola entidade e os datos que constan nas certificacións da federación competente, tomaranse como válidos os datos que figuren nas certificacións.

A entidade deberá completar todos os apartados dos modelos da memoria, para posibilitar a adecuada valoración das solicitudes. Non se valorarán os aspectos non acreditados ou informados debidamente pola entidade solicitante.

ANEXO II- Documentación da xustificación

Documentación xeral

• Unha certificación dos gastos realizados. No caso das entidades públicas beneficiarias, este documento terá o carácter de certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade; nas restantes entidades deberá asinalo conxuntamente a persoa que exerza as funcións financeiras ou de tesourería e a persoa que exerza a representación legal da entidade respectiva.

• A relación detallada de todos os ingresos concedidos por outras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos ingresos propios afectados á actividade subvencionada, ou, pola contra, declaración de non ter outros ingresos públicos ou privados para o mesmo obxecto. No caso das entidades públicas beneficiarias, este documento deberá ter o carácter de certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade; no caso das persoas beneficiarias privadas, deberán asinalo as persoas que exerzan a responsabilidade de tesourería e a representación legal da entidade.

• A declaración de non ter pendente de xustificación ningunha outra axuda da Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes

• A entidade indicará se está ou non exenta do IVE e se está suxeita á regra de rateo a porcentaxe deducible, xa que só poderá terse en conta o cargo co imposto cando sexa soportado pola entidade e na porcentaxe que non fora deducible.

• A certificación dos datos bancarios da entidade, segundo o modelo aprobado pola Deputación da Coruña. En caso de que estes datos xa consten no ficheiro de terceiros da Deputación, non resultará preciso achegar este documento

• Unha certificación (as entidades públicas) ou unha declaración (as persoas privadas) dos medios polos que se lle deu publicidade á subvención concedida, segundo o formato esixido en cada convocatoria, achegando unha proba documental ao respecto.

• No caso de que o gasto sexa superior a 15.000 € (IVE excluído) no caso da prestación de servizos ou subministracións ou superior a 40.000 € (IVE excluído) nos contratos de obras, nos termos do artigo 31.3. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, conforme co disposto na Lei galega 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, deberá achegar os tres orzamentos solicitados, e a motivación da contratación da empresa seleccionada.

Documentación específica

• Unha memoria das actividades desenvolvidas na anualidade, que conterá como mínimo os seguintes aspectos: as actividades desenvoltas, a temporalización, o ámbito territorial, a cuantificación e o perfil dos participantes, os resultados obtidos.

• No suposto de que a subvención se xustifique con **gastos de persoal**, indicárase, para cada traballador/a e mes, o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social con cargo á entidade.

Neste caso, a entidade deberá achegar a correspondente **autorización individual** asinada por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

• A acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade contempladas na **base 6: compromisos e obrigas específicas**.

• A acreditación da inclusión do logotipo da Deputación e uso da lingua galega nos soportes de difusión das actividades subvencionadas e da obriga de incluír en lugar visible e na súa páxina web a imaxe corporativa da Deputación da Coruña.

A Coruña, 20 de xaneiro de 2022.

O presidente,

Valentín González Formoso

A secretaria,

Amparo Taboada Gil

2022/355